

## BANDO INFORMATIVO

### NOVAS MEDIDAS E RESTRICIÓN ACORDADAS POLA XUNTA DE GALICIA.

En relación á *ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*, publicada no DOG núm. 16-bis do 26/01/2021, infórmase á veciñanza das novas medidas de prevención, que estarán en vigor até o vindeiro 17 de febreiro:

- **Limítase a mobilidade ó territorio do Concello de Viana do Bolo**, salvo por motivos debidamente xustificadas (motivos sanitarios e de coidado de persoas; obrigas laborais, institucionais e legais; asistencia a centros educativos, realización de exames e probas; retorno ao fogar; trámites inaprazables; entidades financeiras, de seguros ou estacións de servizo limítrofes; coidado de hortas e animais; etc)
- Só se permiten as **xuntanzas entre persoas convivintes**, agás no caso de persoas que vivan soas, que poden incorporarse a outra unidade de convivencia ampliada, menores cos seus proxenitores, parellas con domicilios diferentes, asistencia a persoas dependentes, e actividades laborais, institucionais, administrativas, educativas...
- **Suspéndese a actividade en establecementos de espectáculos e de recreo**, polo que a **Casa da Cultura** permanecerá pechada ó público, salvo para a celebración de actos institucionais, do mesmo xeito que o **Pavillón Polideportivo Municipal, Pistas deportivas, e Sala de Exposicións**.
- Só se permite a **práctica de actividade deportiva ao aire libre**, de xeito **individual** ou con **convivintes**, sendo **obligatorio en todo caso o uso de máscara**.
- Os **establecementos comerciais e de servizos** reducirán a súa capacidade ó 50% e deberán fechar ás 18:00 h (agás venta de produtos de alimentación, bebidas, tabaco, combustible, medicinas, argos ortopédicos e alimentación animal).
- As **reunións laborais, institucionais, académicas, administrativas** etc. Limitarán a súa capacidade ó 30% do aforo do respectivo local, cun máximo de 30 persoas en lugares pechados e de 75 ao aire libre.

Finalmente, comunícase á veciñanza, en relación os datos actualizados de número de positivos no noso Concello, que, segundo o SERGAS, contamos con **5 casos positivos**. O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 29 de xaneiro do 2021.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.  
Asinado dixitalmente á marxe.

---

**Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

